



Recomendación dirixda ao Concello de Pontecesures para que cando se aprecie a concurrencia de situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados dese concello, estes poidan constituirse, celebrar sesións e adoitar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, nos termos previstos no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Expediente: N.9.Q/ 3027/20

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2020

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por D^a [REDACTED].

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 28 de maio de 2020 , D^a [REDACTED] presenta escrito de queixa ante a Valedora do Pobo, no que fai constar que:

“ Os grupos municipais do BNG e do PSdG- PSOE do Concello de Pontecesures presentan a seguinte queixa:

Os últimos pleno e comisión informativa do Concello de Pontecesures celebráronse no mes de xaneiro. Dende o 27 de xaneiro non se reuniu ningún órgano máis do noso Concello.

Sin embargo, si fomos convocados polo alcaide a dúas comisións de seguimento do Covid-19, feitas de xeito presencial no Salón de Plenos do Concello de Pontecesures. Un salón que, por certo, cumpre todos os requisitos para poder realizar tanto plenos como comisións.

Polo dito anteriormente non entendemos a actitude do alcalde [REDACTED] que non convocou o pleno ordinario do 30 de marzo nin o que se tiña que celebrar no día de hoxe, 25 de maio.

Consideramos que si se puideron celebrar comisións de seguimento do Covid-19 presenciaís, tamén se puideron celebrar plenos e comisións.

Apuntamos tamén que o concello de Pontecesures foi dotado dos medios axeitados para celebrar plenos e comisión de foram telemática, opción que tampouco foi tida en conta.

Por todo o anterior, instamos o amparo da Valedora do Pobo de Galicia para que inste ao Alcalde de Pontecesures a convocar os plenos e as comisións pertinentes, derelto que nos asiste como concelleir@s para realizar a nosa labor a prol da vecifianza”.

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello.

TERCEIRO.- Na data do 15 de xuño de 2020, foi recibido o informe requirido no que a administración fai constar o seguinte:

" Atendendo ao seu requirimento de data 8 de xuño referente ao expediente N.9.Q/3027/20 quixera manifestar o seguinte.

i)Dende o equipo de goberno que presido, xa dende o minuto cero da declaración do estado de alarma polo Goberno Central, tivemos claro cal era a prioridade en esa situación de emerxencia sanitaria que o COVID 19 impuxera.

Como non podía ser de outro xeito, o preservar a saúde da veciñanza foi, considero que con bo criterio, a principal das prioridades.

ii)Atendendo ás recomendacións das autoridades e como ferramenta axeitada de coordinación entre os principais axentes implicados incluídos os grupos políticos con representación no plenario do Concello, constituíronse Comisións de Seguimento onde unicamente estaban presentes os portavoces dos grupos políticos, non todos os concelleiros, a fin de eliminar ou minorar os riscos de posibles contaxios en esas primeiras xornadas de incertidume.

iii)En toda situación na vida política os equipos directivos deben facer gala de alo menos certa dose de coherencia na xestión.

Non ten sentido o establecer medidas preventivas en todas as instalacións municipais e deixar ao arbitrio de uns poucos a celebración de Plenos ou reunións de órganos colexiados en circunstancias dunha gran incertidume na evolución da pandemia.

iv)Quen isto subscribe, non dedicándose exclusivamente á labor de Alcalde, exerce profesionalmente na empresa privada no sector da calidade e prevención, indicando claramente na normativa legal aplicable que os poderes públicos e todos os axentes sociais deben fomentar unha cultura de prevención, máxime nunha situación de emerxencia sanitaria como a vivida; mágoa que dita apreciación non sexo compartida por membros do plenario de Pontecesures.

v)Cabe pensar que na sociedade, e nomeadamente na administración que presido, ten que facer fincapé en implementar medidas de carácter técnico e tecnolóxico encamiñadas a facer máis eficiente a administración local e posibilitar un pulo nas relacións dos administrados e os seus lexítimos representantes coa administración da que dependen. Estou a pensar nas aplicacións das novas tecnoloxías que nos permiten montemos en contacto de xeito telemático. Este concello hai xa tempo que conta con medidas que permiten unha administración electrónica áxil e eficaz, con acceso a expedientes, decretos e demais información á que legalmente os membros do Pleno teñen acceso, así como a celebración de plenos e reunións de órganos colexiados de xeito telemático, e intercambio de información entre a veciñanza e demais niveis de administración.

Nembargantes o anterior exposto, ningún dos Concelleiros que subscriben a queixa e solicitan a súa mediación foi o suficiente proactivo para adecuarse a esa novo realidade. Como dato anecdótico, indicarlle que o xeito habitual de solicitar información sigue sendo solicitalo de xeito manuscrito e entrega en ventanilla cando se ten establecido un protocolo de illamento e peche de instalacións municipais; a todas luces, práctica insolidaria existindo procedementos electrónicos plenamente operativos para facelo evitando o modo presencial. Non debe, por tanto, culpase aos responsables das administración locais de limitar os dereitos que lles asisten para realizar a súa labor a prol da veciñanza, toda vez que a súa condición de representantes electos debiera incrementar o seu compromiso para cos seus representados e destinar os esforzos na mellora da veciñanza evitando riscos e solicitudes de amparo tan innecesarias como estériles".

Dado que coa información transcrita non era posible facer unha valoración definitiva do obxecto da queixa, en data 16 de outubro de 2020 , de novo nos diriximos ao Concello de Pontecesures co fin de solicitar con urxencia información sobre os extremos que están anda pendentes de aclaración, en concreto sobre :

1º.- Cales foron os criterios utilizados para celebrar as comisións de seguimento do COVID 19 de feito presencial e non telemático .

2º. Cales foron os motivos para non convocar o pleno ordinario do 30 de marzo nin o que se tiña que celebrar no día 25 de maio.

CUARTO.- Con data de 2 novembro de 2020, recíbese novo informe do Concello de Pontecesures, no que se pon de manifesto que:

“En relación á súa nova solicitude rexistro de saída nº 12185/20 de data 16/10/2020, sobre información relativa á non celebración de plenos ordinarios, indicarlle o seguinte:

Esta alcaldía, dende o mesmo día 11 de marzo que a OMS declarara a pandemia internacional, adoptou todas as medidas oportunas orientadas a protexer a saúde e seguridade dos cesureños, incluídos os membros que integran o Pleno de este Concello.

Tal como indicaban e promovían as publicacións que emanaban do Estado, este Concello promoveu medidas que restrinxían a mobilidade e paralizaban a actividade en numerosos ámbitos, incluído a celebración presencial de Plenos Ordinarios.

Non entanto, a imposibilidade de facelo presencialmente non constituía un impedimento para a súa celebración. Tal é así que dende outubro de 2016 este concello conta con ferramentas de xestión para acceso electrónico a esta administración; ferramenta que a Deputación de Pontevedra pon a servizo dos concellos da provincia e á que este Concello que presido se adheriu por aquela data.

O pasado mes de abril, a Deputación de Pontevedra informa da posibilidade de un novo aplicativo que permitiría a celebración de plenos e xuntas de maneira telemática, aplicativo co que o Concello de Pontecesures conta dende dita data.

Indicarlle tamén que a Comisión de Seguimento COVID tivo que ser convocada presencialmente debido á imposibilidade de facelo de xeito telemático, non contando todos os membros do Plenario con ferramentas para poder facelo, nada estraño, xa que dende a posta en marcha da administración electrónica e a posibilidade de contactar coa administración do Concello de Pontecesures de maneira telemática dende finais do ano 2016 nunca foi solicitada a alta no sistema por ningún dos membros dos grupos BNG e PSdG-PSOE, tampouco cando o novo aplicativo permitía levar a cabo de maneira telemática Plenos e Xuntas. A data de hoxe seguen consultando presencialmente os expedientes en formato papel nas oficinas do Concello.

Como pode observar vostede, con esta nula proactividade e escasa percepción do risco que supón a pretensión de celebración de plenos presenciais , esta Alcaldía, ao igual que outras moitas en semellante situación en todo o mapa municipal de Galicia, adoptou a máis sensata das medidas que cabería tomar neste escenario epidemiolóxico que foi non convocar os Plenos Ordinarios de marzo e malo.

O que lle traslado para o seu coñecemento e efectos oportunos”.

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- O 1 de abril de 2020, publicouse no BOE o Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoitan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ol COVID-19. Neste Real Decreto-lei inclúese, ademáis, un conxunto de medidas que permiten axustar o funcionamento da Administración ás necesidades actuais , medidas entre as que destaca a modificación do artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, engadíndolle un novo párrafo (3) .

Así segundo o novo artigo 46 da citada Lei

“ 1. Os órganos colexiados das entidades locais funcionan en réxime de sesións ordinarias de periodicidade preestablecida e extraordinarias, que poden ser, ademáis, urxentes.

2. En todo caso, o funcionamento do Pleno das Corporacións Locais axustarase ás seguintes regras:

a) O Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo cada mes nos Concellos de municipios de máis de 20.000 habitantes e nas Deputacións Provinciais; cada dous meses nos Concellos dos municipios dunha poboación entre 5.001 habitantes e 20.000 habitantes; e cada tres nos municipios de hata 5.000 habitantes. Asimesmo, o Pleno celebra sesión extraordinaria cando así o decida o Presidente ou o solicite a cuarta parte, alomenos , do número legal de membros dla Corporación, sin que ningún concelleiro poda solicitar máis de tres anualmente. Neste último caso, a celebración do mesmo non poderá demorarse por máis de quince días hábiles dende que fora solicitada, non podendo incorporarse o asunto á orde de día dun Pleno ordinario ou

de outro extraordinario con máis asuntos si non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria.

Si o Presidente non convocase ao Pleno extraordinario solicitado polo número de concelleiros indicado dentro do prazo sinalado, quedará automaticamente convocado para o décimo día hábil seguinte ao da finalización de dito o prazo, ás doce horas, o que será notificado polo Secretario da Corporación a tódolos membros da mesma ao día seguinte da finalización do prazo citado anteriormente. En ausencia do Presidente ou de quen legalmente haxa de sustituirle, o Pleno quedará válidamente constituido sempre que concurra o quórum requerido na letra c) deste precepto, en cuxo caso será presidido polo membro da Corporación de maior idade entre os presentes.

b) As sesións plenarias convocaranse, alomenos, con dous días hábiles de antelación, salvo as extraordinarias que o foran con carácter urgente, cuxa convocatoria con este carácter deberá ser ratificada polo Pleno. A documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir de base ao debate e, no seu caso, votación, deberá figurar a disposición dos Concelleiros ou Diputados, dende o mesmo día da convocatoria, na Secretaría da Corporación.

c) O Pleno constitúese válidamente coa asistencia dun tercio do mínimo legal de membros do mesmo, que nunca poderá ser inferior a tres. Nos municipios de ata 100 residentes, que non funcionen en réxime de Concello Aberto, o Pleno constituirase válidamente coa asistencia do número legal de membros do mesmo, que nunca deberá ser inferior a dous. Estes quóruns deberán manterse durante toda a sesión.

En todo caso, requírese a asistencia do Presidente e do Secretario da Corporación ou de quenes legalmente lles substitúan.

d) A adopción de acordos prodúcese mediante votación ordinaria, salvo que o propio Pleno acorde, para un caso concreto, a votación nominal. O voto pode emitirse en sentido afirmativo ou negativo, podendo os membros das Corporacións absterse de votar.

A ausencia dun ou varios Concelleiros ou Diputados, unha vez iniciada a deliberación dun asunto, equivale, a efectos da votación correspondente, á abstención.

No caso de votacións con resultado de empate, efectuarase unha nova votación, e si persistira o empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.

e) Nos plenos ordinarios a parte dedicada ao control dos demais órganos da Corporación deberá presentar substantividade propia e diferenciada da parte resolutiva, debéndose garantir de forma efectiva no seu funcionamento e, no seu caso, na súa regulación, a participación de tódolos grupos municipais na formulación de rogos, preguntas e mocións.

3. En todo caso, cando concurran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concurrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen válidamente lles substitúa ao efecto da convocatoria dacordo coa normativa vixente, constituirse, celebrar sesións e adoitar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Asimesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas según proceda legalmente en cada caso.

Aos efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garanten adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adoiten”.

SEGUNDA.- É necesario destacar tamén que a reclamante, no seu escrito de queixa, pon de manifesto que o concello de Pontecesures fol dotado dos medios axeitados para celebrar plenos e comisión de fora telemática.

Neste mesmo sentido o Concello de Pontecesures pon de manifesto que dende outubro de 2016 conta con ferramentas de xestión para acceso electrónico a esta administración, ferramenta que a Deputación de Pontevedra pon a servizo dos concellos da provincia e á que este concello se adheriu por aquela data, engadindo ademáis que o pasado mes de abril, a Deputación de Pontevedra informa da posibilidade de un novo aplicativo que permitiría a celebración de plenos e xuntas de maneira telemática, aplicativo co que o Concello de Pontecesures conta dende dita data.

Por todo o exposto e tendo en conta que no Concello de Pontecesures existe a posibilidade de celebración de plenos e xuntas de maneira telemática, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese concello a seguinte :

RECOMENDACIÓN

Para que, cando se aprecie a concurrencia de situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados dese concello, estes poidan constituirse, celebrar sesións e adoitara acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, nos termos previstos no artigo 46 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se consegue.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)

